




10

**normas básicas para
ahorrar no consumo de
enerxía nos fogares**

REPARTO DO CONSUMO DE ENERXÍA NOS FOGARES



1. MERCA DE XEITO RESPONSABLE

Á hora de adquirir un vehículo, unha vivenda, un electrodoméstico, unha lámpada ou calquera outro equipo ou instalación, **ten en conta a etiquetaxe enerxética** e no seu defecto o consumo enerxético do ben a adquirir.

- Merca bens adaptados ás túas necesidades.





2. REDUCE O USO DO VEHÍCULO PARTICULAR

O vehículo particular supón de media aproximadamente o 50 % do consumo enerxético dunha familia galega.

- Valora se podes substituír parte das túas **necesidades de mobilidade** por outras **solucións máis eficientes**, como os desprazamentos a pé, en bicicleta, en transporte colectivo ou en vehículo compartido.



3. REALIZA UN USO EFICIENTE DO VEHÍCULO PARTICULAR

- Cando utilices o vehículo particular **fai unha conducción eficiente**, desprazándote a velocidade moderada, evitando elevadas revolucíons e anticipándote ás circunstancias do tráfico para aproveitar as inercias do vehículo.
- **Realiza un mantemento regular do vehículo**, desmonta a portaequipaxes se non prevés a súa utilización e evita levar sobrepesos.



4. CONTROLA O CONSUMO DE AIRE ACONDICIONADO

- Deixa as persianas abertas de noite e ventila a primeira hora para **favorecer o refrescamento gratuito do edificio.**
- **Ventila regularmente** pero mantén pechadas as portas e fiestras cando funcione a climatización.
- **Optimiza o uso do aire acondicionado.**
- Adapta a temperatura á actividade física que realices e **procura que o termostato non baixe de 26°C** con aire acondicionado.
- Ten en conta que cada grao que se baixe no termóstato supón un incremento de consumo enerxético aproximado do 8%.
- Programa **apagados automáticos do aire acondicionado.**
- Sopesa a conveniencia de **instalar elementos de sombreamento** ou láminas de control solar no exterior do edificio.



5. UTILIZA OS ELECTRODOMÉSTICOS A PLENA CARGA

No caso dos frigoríficos e conxeladores cada grao que baixe a temperatura aumenta o consumo ata un 5%.

- Deixa un espazo adecuado para a súa ventilación, **reduce o tempo de apertura de portas** e procura non deixar líquidos ou produtos evaporables sen tapar.
- As lavadoras e lavalouzas, mellor con **programas eco e a plena carga**.
- Reduce a utilización das secadoras e **evita consumos ocultos** en televisións e ordenadores.
- Procura utilizar o **ferro** de pasar á **maior cantidade de roupa** posible en cada ocasión.
- **Programa** o funcionamento para **horas val**.





6. APROVEITA A LUZ NATURAL

- **Aproveita a luz natural** mediante a xestión de elementos de sombreamento (cortinas, persianas, contras, toldos...).
- **Non deixes luces acendidas** en dependencias baleiras.
- Acende soamente as luces que necesites.
- Utiliza **lámpadas eficientes** de tecnoloxía LED.



7. OPTIMIZA O CONSUMO DE AUGA QUENTE

A auga quente supón de media o 8% do consumo enerxético dunha familia galega.

- Non deixes billas abertas inutilmente, **evita goteos e fugas.**
- **Un baño consume case catro veces máis** auga e enerxía que unha ducha.
- **Limita a temperatura da auga** a un máximo de 35°C e utiliza redutores de caudal (aireadores) nas billas.



8. AFORRA COCIÑANDO

- **As olas a presión son moito máis eficientes** que as olas abertas.
- Escolle un **recipiente de tamaño adecuado**: os recipientes de pequena superficie desaproveitan a enerxía polos laterais e os recipientes de elevada superficie alongan os períodos de cocción.
- No **forno** cada vez que **abres a porta perde o 20% da enerxía** acumulada. Para coccións superiores a unha hora xeralmente non é preciso prequentar o forno.
- **Utiliza o microondas** para quentar **porcións pequenas** de alimentos.



9. REvisa os teus contratos de subministración enerxética

- Revisa se tes dereito ao **Bono Social Eléctrico** que é a alternativa de contratación máis económica.
- **Avalía o teu contrato de electricidade e/ou gas natural** no simulador da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia onde poderás comparar as diferentes ofertas do mercado libre co prezo recente do mercado regulado (PVPC) <https://comparador.cnmc.gob.es/>.
- Valora se tes marxe para **reducir a potencia de contrato** en período punta ou para desprazar consumos a período val.



10. VALORA INVESTIR EN AUTOCONSUMO

Outra forma de reducir o consumo na factura eléctrica é facendo investimentos en **instalacións de autoconsumo eléctrico con tecnoloxía fotovoltaica**.

Para unha **vivenda tipo en Galicia**, unha instalación fotovoltaica supón un aforro duns 600 €/ano, polo que, considerando as axudas existentes, estímase un **período de retorno entre os 6 e os 8 anos**.

Cunha instalación destas características, poderíamos desprazar o consumo eléctrico da vivenda ás horas con maior recurso solar.



AXUDAS A FOGARES

Para máis información escanea o código QR



LIÑA DE APOIOS	FIN PRAZO SOLICITUDES	ORZAMENTO (€)	
Programa Moves III (mobilidade)	31/12/2023	18.356.359	ver axuda
Renovables térmicas no sector residencial	31/12/2023	11.363.342	ver axuda
Autoconsumo e almacenamento enerxético para particulares, administracións públicas e terceiro sector	31/12/2023	22.999.354	ver axuda



XUNTA
DE GALICIA

www.inega.gal

inega.info@xunta.gal

Tlf. 981 541 500